

Tribunal do procedemento selectivo para o acceso á categoría de técnico superior de investigación (resonancia magnética nuclear), convocado por Resolución Reitoral do 21 de decembro de 2021 (DOG do 13 de xaneiro de 2022)

TERCEIRO EXERCICIO:

Lugar de celebración: Servizo de Resonancia Magnética. Edificio CACTUS. Campus Sur.
Santiago de Compostela
Data: 9 de xuño de 2022
Hora: 09:00

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CORRECCIÓN PARA O TERCEIRO EXERCICIO.

A convocatoria indica o seguinte:

Terceiro exercicio: consistirá na realización por escrito de dous supostos de carácter práctico ou teórico-práctico, propostos polo tribunal e relacionados co contido do temario específico do programa, no cal os/as aspirantes deberán demostrar as capacidades para o desempeño das funcións correspondentes.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 60 minutos.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 35 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 15 puntos.

Antes da realización de cada exercicio, o tribunal deberá ter aprobados e publicados os criterios de avaliación e corrección.

Criterios de avaliación e corrección

Proporcionarase unha mostra problema e solicitarase unha serie de medidas de espectroscopía de RMN en disolución a temperatura ambiente. O axuste dos parámetros experimentais para obter os espectros solicitados queda a criterio da persoa examinada. Puntuaranse os comentarios sobre o axuste de parámetros segundo se vaian realizando no espectrómetro e estes serán avaliados en función da súa adecuación aos obxectivos do exercicio. Avaliaranse aspectos como a calidade visual dos sinais observados nos espectros solicitados (simetría, multiplicidade e relación sinal ruído entre outros) e o grao de acerto dos resultados cuantitativos solicitados respecto de valores de referencia obtidos previamente coa mostra problema.

A proba consta de dous exercicios e unha parte común, cuxa puntuación máxima total será de 35 puntos.

En cada un dos exercicios o tribunal xustificará a puntuación outorgada en función das respostas dadas.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: XOSE ANTON FREIRE RAMOS, NIF ***5789**, 01/06/2022 10:23:19.

CSV: BBD9-A9E1-41E5-A717